

ANEXO I: SOLICITUDE DE ADHESIÓN E CUMPRIMENTO DOS REQUISITOS DOS ESTABLECEMENTOS ADHERIDOS AO PROGRAMA "BONOS RIANXO"

Don/Dona _____, provisto/a de NIF/NIE
núm. _____, en representación de _____
con CIF núm. _____, solicitante das axudas do Concello de Rianxo convocadas
ao abeiro do programa Bonos Rianxo para a incentivación do consumo nos establecementos
minoristas abertos ao público en Rianxo para a venda de produtos e oferta de servizos e á súa
convocatoria,

DECLARO:

1. Que teño a miña actividade no municipio de Rianxo e que reúno as condicións legalmente establecidas para o exercicio da miña actividade
2. Que son persoa traballadora autónoma ou pequena e mediana empresa, de conformidade co previsto no Regulamento (UE) núm. 651/2014 da Comisión do 17 de xuño
3. Que dispoño de un ou máis establecementos abertos ao público no Concello de Rianxo para a venda ao por menor de produtos ou a oferta de servizos:

Nome comercial	Enderezo	Correo electrónico	Teléfono	Horario atención

4. Non me atopo incurso/a en ningunha das circunstancias recollidas nos artigos 13.2 e 13.3 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e que estou ao corrente nas miñas obrigas tributarias coa facenda estatal, autonómica, co Concello de Rianxo e coa Seguridade Social
5. Que todos os datos que declaro son correctos

Polo tanto **SOLICITO** a Adhesión do/s meu/s establecemento/s ao Programa: Bonos Rianxo de acordo coas contías, obrigas e compromisos nel establecidas.

En Rianxo a _____ de _____ de 2022

DOCUMENTACIÓN XUSTIFICATIVA:

A persoa solicitante está obrigada a ter a disposición do concello a seguinte documentación para o caso de ser requirida:

A. No caso de persoa física:

- a) DNI ou NIE, só no caso de non ser a mesma persoa que fai a presentación telemática.
- b) Certificado de Situación Censal da Axencia Estatal Tributaria actualizado
- c) Resolución/certificación da alta no Réxime Especial de Traballadores Autónomos ou a Mutua profesional correspondente
- d) Certificados de estar ao corrente coa Axencia Estatal de Administración Tributaria (AEAT), coa Seguridade Social e coa Axencia Tributaria de Galicia

B. No caso de microempresa:

- a) NIF da persoa xurídica, só no caso de non utilizar certificado de representante
- b) Certificado de Situación Censal da Axencia Estatal Tributaria actualizado
- c) Acreditación dos poderes da persoa administradora e da que presenta a solicitude en caso de non ser a mesma persoa
- d) Certificados de estar ao corrente coa Axencia Estatal de Administración Tributaria (AEAT), coa Seguridade Social e coa Axencia Tributaria de Galicia